

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA TRECE DE FEBREIRO DE 2014 , CON CARÁCTER ORDINARIO****SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
Dª. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e vinte minutos do día trece de febreiro de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trinta de xaneiro do ano que andamos, que logo de facer a corrección que de seguido se indica, apróbase por unanimidade dos asistentes.

No punto 3º. 2.- Licenza da obra. Expte núm.: 2011/008/000021 onde di “Previo ao inicio das obras achegaranse oficios de dirección de obra de Arquitecto e de Aparellador.” debe decir “ Previo ao inicio das obras achegaranse oficios de dirección de obra de arquitecto e de aparellador. O prazo para o inicio das obras será de seis meses e tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza”.

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.-Instancia núm. 20140000000112 de don Juan Carlos Sánchez Moure.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para obras de construcción de peche con base de bloques, postes e tea metálica, nunha lonxitude aproximada de 52 m, no lugar de Marzán de Arriba, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de agrícola (R-2).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- A distancia mínima para o cerre será de 6,00 m de distancia dende o eixe do vial municipal por ser un vial IV en solo rústico. Garantírase o natural discorrer das



augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia.

Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso. En cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,00 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e seis euros con setenta e catro céntimos (#46,74#)

2.2.- Instancia núm. 201400000000134 de don José Manuel Garrido Couceiro.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para obras de construcción de cerre con bloques de 1 m, postes e malla de arame, de aproximadamente 66 m de lonxitude, no lugar de Viñopequeno, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de protección forestal (R-3).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- A distancia mínima para o cerre será de 6,00 m de distancia dende o eixe do vial municipal por ser un vial IV en solo rústico.

Garantírase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia. Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso.

En cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,00 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e nove euros con trinta e dous céntimos (#59,32#)

2.3.- Instancia núm. 201300000000366 de dona María Carmen Cajaraville Sánchez.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Illobre, solicita licenza para obras de rehabilitación de edificación consistente en colocar tella sobre uralita existente, nunha superficie aproximada en planta de 42 m², e arranxo de cheminea, situada en Viñogrande, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de protección agropecuaria (R-2).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.



2º.- Non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns: e en cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento oito euros con cinco céntimos (#108,05#)

2.4.- Instancia núm. 201300000001185 de don José Manuel Barco Carril.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para obras de construcción de cerre, de aproximadamente 100 m de lonxitude, con base de pedra, postes e arame (Expte. Núm.: 2013/U009/000070), no lugar de San Pedro en solo cualificado como rústico de protección forestal (R-3) segundo o vixente PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- A distancia será a establecida polo Servizo Provincial de Estradas da Xunta de Galicia. Garantírase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia;

Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso. En cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a pedra será do país e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,00 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento cincuenta e cinco euros con sesenta e seis céntimos (#155,66#).

2.5.- Instancia núm. 20140000000089 de dona Vicenta Calviño de la Iglesia e dona Dolores Lata de la Iglesia.

Dáse conta da citada instancia na que as interesadas, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicitan licenza para proceder á reconfiguración do linde entre as parcelas núm. 126 e 128 de concentración parcialaria de Sarandón, situadas en Xián, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de protección agropecuaria (R-2) e solo rústico de protección forestal (R-3), segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico don Francisco Bellet García.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, nos termos do proxecto presentado, e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal, que ascendan á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros.

3º.- Acordo, se procede, sobre concesión de autorización para funcionamiento de establecementos dedicados a furanco.



3.1.- Instancia núm. 20140000000014 de dona Delia Carreira González.

Dáse conta da declaración responsable, presentada por Delia Carreira González, para renovar a autorización concedida para por en funcionamento un establecimiento dedicado a *Furanco* no lugar de Ximonde, 8 (San Miguel de Sarandón-Vedra).

Vista a documentación que se achega á solicitude e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia,

A Xunta de Goberno resolve favorablemente sobre a conformidade do declarado e nos termos da documentación presentada, manténdose as condicións do acordo inicial.

O novo período de apertura será do 15 de febreiro de 2014 ata o 15 de maio de 2014 . Darase traslado deste acordo aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

3.2.- Instancia núm. 20140000000126 de don Luís Mera Gamallo.

Dáse conta da declaración responsable, presentada por Luis Mera Gamallo, para por en funcionamento un establecimiento dedicado a furanco no lugar de Cumbrasos, 9 (San Pedro de Vilanova – Vedra).

Vista a documentación que se achega á solicitude e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia,

A Xunta de Goberno resolve favorablemente sobre a conformidade do declarado e nos termos da documentación presentada, e así mesmo que:

1º.- O período de apertura do furanco será dende o 3 de febreiro de 2014 ata o 3 de maio de 2014.

2º.- As tapas que se sirvan escolleranse das que sinala o ANEXO I do decreto 215/2012, do 31 de outubro.

3º.- Procederase á inscrición do establecimiento no rexistro municipal creado a tal fin e darase traslado deste acuerdo aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

4º.- Deberá comunicar o peche do establecimiento ao finalizar o período autorizado, sen que isto supoña baixa da actividade, e a nova apertura na tempada seguinte acompañando a seguinte documentación:

- Renovación do seguro de responsabilidade civil.
- Documentación acreditativa de ter realizado as declaracíons obligatorias do viño e memoria da cantidade de viño da que se dispón para a tempada.
- Análise do viño da nova tempada.

4º.- Acordo, se procede, sobre concesión de licenza de obra e de actividade de taller de reparación de vehículos automóbiles en San Fins de Sales.

Téndose solicitado por Talleres San Fins, S.L., representado por dona Emérita Fernández Villaverde, licenza de actividade de taller de reparación de vehículos automóbiles en Cornado (San Fins de Sales).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Tendo en conta que tramitado o oportuno expediente de conformidade co disposto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental e remitido este ao órgano ambiental competente se emitiu o preceptivo ditame de incidencia ambiental con data do 24 de maio de 2013 (Expte. CO/0356/2012). Á vista do contido do expediente e dos informes emitidos para os efectos, incluído o emitido polos Servizos Técnicos Municipais.

A Xunta de Goberno acorda:

1.- Licenza da actividade. Expte. 2013/U014/000001.

Conceder a licenza de actividade para taller de reparación de vehículos automóbiles en Cornado (San Fins de Sales), condicionada ao cumprimento do contido do ditame de incidencia ambiental emitido pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (que se xunta ao presente acordo), nos termos do expediente tramitado e do proxecto presentado para os efectos.

Deberase solicitar a acta de posta en funcionamento. A tal efecto o titular deberá citala e presentar a documentación precisa para garantir que a instalación se axusta ao proxecto aprobado e á licenza concedida, así coma ás medidas correctoras adicionais impostas no ditame de incidencia ambiental, nos termos do disposto no artigo 18 do Decreto 156/1995, do 3 de xuño de inspección ambiental.

Notificar o acordo á solicitante, con indicación dos recursos que procedan, e ao órgano emisor do ditame de incidencia ambiental.

2.- Licenza da obra. Expte. 2012/U008/000023.

En relación á obra inherente á actividade autorizada e descrita no proxecto presentado, redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Roberto Ozores Nine e cun orzamento de 5.561,22 euros, cumpre, dende o punto de vista técnico o Plan Xeral vixente do Concello de Vedra e a Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. As obras emprázanse en solo de Núcleo Rural (N-1), no lugar de Cornado (San Fins de Sales).

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data de concesión da licenza.

As obras axustaranse ás seguintes condicións:

-Construirase de acordo co proxecto presentado.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento once euros con vinte e dous céntimos (#111,22#).

5º.- Acordo, se procede, sobre concesión de axudas de emerxencia social.

5.1.- Solicitude núm. 201300000001739 de dona Patricia García García.

Dáse conta da citada instancia na que dona Patricia García García, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita unha axuda de emerxencia social para a cobertura de necesidades básicas e mantemento dos gastos da vivenda.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, en función do establecido na ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social acorda



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



concederlle unha axuda de 585,76 euros para a cobertura de necesidades básicas e 500 euros para gastos de aluguer da vivenda.

5.2.- Solicitude núm. 20140000000150 de dona Lucía García Camino.

Dáse conta da citada instancia na que dona Lucía García Camino, con domicilio en Ponte Ulla, solicita unha axuda de emerxencia social para a cobertura de necesidades básicas e adquisición de electrodomésticos de primeira necesidade.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, en función do establecido na ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social acorda concederlle unha axuda de 532,51 euros para a cobertura de necesidades básicas e 369 euros para gastos de compra dun frigorífico.

6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das seguintes resolucións da Alcaldía do mes de xaneiro:

Nº Decreto	Data	Asunto
1/2014	02/01/2014	Dar conta do cumprimento de trienios de traballadores municipais
2/2014	02/01/2014	Remisión expediente de reposición legalidade por construcción de piares en Pousada de Abaixo ao Xulgado contencioso-administrativo nº 2 de Santiago de Compostela
3/2014	02/01/2014	Alta padrón municipal de habitantes de José Antonio Oria Reigadas
4/2014	03/01/2014	Incoando expediente reposición legalidade por actividade sen licenza en Chaos -San Mamede (O Rincón de Esther)
5/2014	03/01/2014	Caducidade licenza de obras concedida a D. José Rendo González para consolidación edificación en Reboreda -Ponte Ulla
6/2014	07/01/2014	Alta padrón municipal de habitantes de María José Louzao Sarandeses
7/2014	07/01/2014	Autorización celebración festas en San Xián de Sales
8/2014	09/01/2014	Aprobando proxecto de construcción de senda peonil en San Fins de Sales e solicitude de subvención á Deputación Provincial
9/2014	16/01/2014	Establecendo orde de prelación de pagos (tesourería)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



10/2014	17/01/2014	Alta padrón municipal de habitantes de familia Álvarez Martíns
11/2014	20/01/2014	Concesión paraza gardería a Xela Álvarez Martíns
12/2014	21/01/2014	Alta padrón municipal de habitantes de César Pedreira Sinde
13/2014	21/01/2014	Delegando competencias Alcaldía o 22/01/2014
14/2014	22/01/2014	Autorización celebración festas da Candelaria en San Pedro de Sarandón
15/2014	23/01/2014	Alta padrón municipal de habitantes de Damián Berto Fernández
16/2014	29/01/2014	Aprobación plan de seguridade e saúde da obra de Construcción de aparcadoiro en San Xián de Sales
17/2014	29/01/2014	Paralización obras que se están a executar na vivenda de Jesusa López Andrade en Torre -San Xián de Sales
18/2014	29/01/2014	Alta gardería de Lara Hermida Abonjo
19/2014	29/01/2014	Alta gardería de Saínza Artegada Segade
20/2014	29/01/2014	Modificación SAF de Manuel Vaamonde Blanco
21/2014	30/01/2014	Delegando asistencia a reunión do Refuxio de Animais en Rogelio Lema
22/2014	30/01/2014	Ampliación horaria de gardería de Álvaro Varela Guldrís
23/2014	31/01/2014	Alta padrón municipal de habitantes de Pablo Riveira Fernández

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7º.- Outros asuntos.

7.1.- Escrito núm. 201300000001534 da Asociación Senunpeso.

Dáse conta do citado escrito no que don Ramón Clavijo Salgado en calidade de Presidente da Asociación Senunpeso, expón que en febreiro organizarán as VI Xornadas de formación e mostra de audiovisual de Vedra LAV 2014 e solicitan unha axuda económica de 1.500 euros para o desenvolvemento das citadas xornadas.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



A Xunta de Goberno acorda concederlle unha subvención por importe de 1.500 euros, debendo achegar para o cobro da mesma xustificantes de polo menos o dobre da cantidade concedida.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cincuenta minutos.